

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2220 *Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, de medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida.*

I

As previsións económicas de institucións nacionais e internacionais, públicas e privadas, mostran unha recuperación gradual da economía española grazas a unha maior estabilidade macroeconómica e a unhas bases estruturais máis sólidas.

Unha vez acometidas as reformas estruturais máis urxentes para lograr a imprescindible estabilidade macroeconómica, a prioridade, agora que a actividade económica retornou a taxas de crecemento positivas, é acelerar a recuperación e a creación de emprego.

Por isto, o Goberno dirixiu toda a súa política económica ao obxectivo da estabilización do mercado de traballo, en primeiro termo, e da creación de emprego no contexto de crecemento económico.

Recentemente comezáronse a observar datos que certifican que o mercado laboral se estabilizou. A Enquisa de poboación activa do cuarto trimestre de 2013 reflectiu creación neta de emprego en termos desestacionalizados, algo que non se observaba desde o primeiro trimestre de 2008. As previsións estiman que se producirá unha creación de emprego neta en 2014, a pesar de que o crecemento será aínda moderado ao continuar o proceso de corrección de desequilibrios acumulados no pasado.

A pesar disto, é urxente acelerar o proceso de redución do paro e de creación de emprego. Na actualidade existen en España 5.896.300 persoas que buscan traballo e non o encontran, segundo a Enquisa de poboación activa. A maioría delas son parados de longa duración.

É por isto preciso articular medidas urxentes adicionais de fomento da contratación e a creación de emprego para revertir de maneira urxente esta situación.

Para isto, o Goberno, ademais das diferentes modificacións normativas que contribuíron á estabilización do mercado laboral, simplificou recentemente os trámites administrativos na contratación laboral. Así, reduciu o número de modelos de contratos e creou un asistente para a contratación na internet que facilitará a elección do tipo de contrato, e para completar os trámites de rexistro do contrato e a alta do traballador na Seguridade Social.

Pero cómpre ir máis alá e aprobar medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida a través dunha importante redución das cotizacións sociais para favorecer a creación neta de emprego estable.

Esta redución artículase a través do establecemento dunha tarifa plana reducida das cotizacións sociais para novas contratacións indefinidas que manteñan o emprego neto durante ao menos tres anos.

A medida beneficia, por tanto, as empresas que aposten por incrementar os seus cadros de persoal de forma estable, as cales deben constituír o motor da transformación estrutural da economía española, e contribúe a que a recuperación sexa máis rápida e se produza desde bases máis sólidas desde o primeiro momento. É así coherente coa política económica do Goberno no longo prazo.

Traballadores mellor formados e máis produtivos en empregos estables son a clave para garantir o benestar social e o crecemento económico futuros. Por tanto, esta redución temporal das cotizacións sociais constitúe unha ferramenta adecuada no curto prazo para impulsar unha rápida xeración de emprego, en especial emprego estable, reducindo, pola súa vez, a dualidade do mercado laboral.

II

O real decreto lei consta dun artigo, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras.

Co obxectivo de incentivar a contratación indefinida, apróbase unha importante redución das cotizacións empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social para todas aquelas empresas que formalicen este tipo de contratos.

Poderanse beneficiar desta medida todas as empresas, con independencia do seu tamaño, tanto se a contratación é a tempo completo como se é a tempo parcial, respecto dos contratos celebrados entre o 25 de febreiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014, sempre que supoña creación de emprego neto.

A cota empresarial que hai que ingresar por contingencias comúns será de 100 euros mensuais, nos supostos de contratos celebrados a tempo completo, e de 75 ou 50 euros mensuais nos contratos a tempo parcial, en función da xornada de traballo que se realice.

Con carácter xeral, estas reducións aplicaranse durante un período de 24 meses, ben que, durante os 12 meses seguintes, as empresas con menos de 10 traballadores tamén terán dereito a obter unha redución do 50 por 100 da cotización por contingencias comúns correspondentes ao traballador contratado de maneira indefinida.

Para se beneficiar destas reducións, o empresario debe cumprir cunha serie de requisitos que, con carácter xeral, se exixen para o acceso a este tipo de incentivos en normas de similar natureza, como son: estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social, non ter sido excluído do acceso aos beneficios de programas de emprego pola comisión de determinadas infraccións graves ou moi graves e manter o nivel de emprego total e indefinido alcanzado coa dita contratación.

Tamén se exige como requisito que a empresa non extingue contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que fosen declarados xudicialmente improcedentes, ou por despedimentos colectivos.

O requisito anterior afectará unicamente as extincións producidas a partir do 25 de febreiro de 2014.

Prevense, igual que noutras normas reguladoras deste tipo de incentivos, os supostos en que non se poderá aplicar a medida, como son, entre outros, as relacións laborais de carácter especial, a contratación de traballadores cuxa actividade determine a súa inclusión en calquera dos sistemas especiais establecidos no réxime xeral da Seguridade Social e a contratación de determinados familiares do empresario.

Malia o anterior, co fin de incentivar a contratación dos traballadores máis novos, si procederá a redución cando a persoa contratada sexa un fillo dun traballador autónomo, menor de 30 anos, ou maior da dita idade cando teña especiais dificultades para a súa inserción laboral, de acordo co establecido na disposición adicional décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Se o empresario incumpre os requisitos para o desfrute destas reducións estará obrigado a reintegrar as cantidades deixadas de ingresar.

III

Na presente norma concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución española para a aprobación dos decretos lei.

A adopción da medida regulada neste real decreto lei obedece á necesidade de fomentar a estabilidade do mercado laboral mediante a contratación indefinida de traballadores, tanto a tempo completo como a tempo parcial, así como de contribuír á creación de emprego e de diminuír, pola súa vez, a dualidade do mercado laboral. Todo isto require unha resposta inmediata, que xustifica a adopción desta medida coa maior urxencia posible.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de febreiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Redución das cotizacións empresariais por continxencias comúns á Seguridade Social por contratación indefinida.*

1. Con efectos do 25 de febreiro de 2014, cando se cumpran as condicións e requisitos establecidos neste artigo, a achega empresarial á cotización á Seguridade Social por continxencias comúns reducirase, nos supostos de contratación indefinida, ás seguintes contías:

- a) Se a contratación é a tempo completo, 100 euros mensuais.
- b) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, ao menos, equivalente a un 75 por 100 da xornada dun traballador a tempo completo comparable, 75 euros mensuais.
- c) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, ao menos, equivalente a un 50 por 100 da xornada dun traballador a tempo completo comparable, 50 euros mensuais.

Estas reducións aplicaranse durante un período de 24 meses, computados a partir da data de efectos do contrato, que se deberá formalizar por escrito, e respecto dos celebrados entre o 25 de febreiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014.

Finalizado o período de 24 meses, e durante os 12 meses seguintes, as empresas que no momento de celebrar o contrato a que se aplique a redución contén con menos de dez traballadores terán dereito a unha redución equivalente ao 50 por 100 da achega empresarial á cotización por continxencias comúns correspondente ao traballador contratado de maneira indefinida.

Cando as datas da alta e da baixa do traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda non sexan coincidentes co primeiro ou o último día do mes natural, o importe da achega empresarial a que se refire este artigo reducirase de forma proporcional ao número de días de alta no mes.

2. Para beneficiarse das reducións previstas neste artigo, as empresas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de seguridade social, tanto na data de efectos da alta dos traballadores como durante a aplicación da achega empresarial reducida. Se durante o período de aplicación da redución existe unha falta de ingreso, total ou parcial, das obrigas en prazo regulamentario, producirase a perda automática da redución a partir do mes en que se produza o incumprimento.

b) Non ter extinguido contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que fosen, uns ou outros, declarados xudicialmente como improcedentes nos seis meses anteriores á celebración dos contratos que dan dereito á redución. Tampouco se poderán ter extinguido contratos de traballo por despedimentos colectivos realizados nos seis meses anteriores á celebración dos contratos que dan dereito á redución.

Para os efectos do cumprimento deste requisito non se terán en conta as extincións que se producisen antes do 25 de febreiro de 2014.

c) Celebrar contratos indefinidos que supoñan un incremento tanto do nivel de emprego indefinido como do nivel de emprego total da empresa. Para calcular o dito incremento, tomarase como referencia a media diaria de traballadores que prestaron servizos na empresa nos trinta días anteriores á celebración do contrato.

d) Manter durante un período de 36 meses, contado desde a data de efectos do contrato indefinido con aplicación da redución, tanto o nivel de emprego indefinido como o nivel de emprego total alcanzado, ao menos, coa dita contratación.

Examinarase o mantemento do nivel de emprego indefinido e do nivel de emprego total cada doce meses. Para isto, utilizaranse a media de traballadores indefinidos e a media de traballadores totais do mes en que proceda examinar o cumprimento deste requisito.

Para efectos de examinar o nivel de emprego e o seu mantemento na empresa, non se terán en conta as extincións de contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que non fosen declarados improcedentes.

e) Non ter sido excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión da infracción grave do artigo 22.2 ou as infraccións moi graves dos artigos 16 e 23 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, de conformidade co previsto no artigo 46 da mesma norma.

3. As reducións previstas neste artigo non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

b) Contratacións que afecten o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, até o segundo grao inclusive, do empresario ou daqueles que teñan o control empresarial, desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior a contratación dos fillos que reúnan as condicións previstas na disposición adicional décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

c) Contratación de traballadores cuxa actividade determine a súa inclusión en calquera dos sistemas especiais establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

d) Contratación de empregados que excepcionalmente poida ter lugar nos termos establecidos nos artigos 20 e 21, e na disposición adicional vixésima e vixésimo primeira da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014.

e) Contratación de traballadores que estivesen contratados noutras empresas do grupo de empresas de que formen parte e cuxos contratos se extinguisen por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que fosen, uns ou outros, declarados xudicialmente como improcedentes, ou por despedimentos colectivos, nos seis meses anteriores á celebración dos contratos que dan dereito á redución.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de extincións que se producisen antes do 25 de febreiro de 2014.

f) Contratación de traballadores que nos seis meses anteriores á data do contrato prestasen servizos na mesma empresa ou entidade mediante un contrato indefinido.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación para o suposto de traballadores cuxos contratos de traballo se extinguisen antes do 25 de febreiro de 2014.

4. As reducións previstas neste número non afectarán a determinación da contía das prestacións económicas a que poidan causar dereito os traballadores afectados, que se calculará aplicando o importe íntegro da base de cotización que lles corresponda.

5. A aplicación destas reducións será incompatible coa de calquera outro beneficio na cotización á Seguridade Social polo mesmo contrato, con independencia dos conceptos a que tales beneficios poidan afectar.

6. A aplicación destas reducións será obxecto de control e revisión pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio das funcións que teñen atribuídas.

7. Nos supostos de aplicación indebida da respectiva redución, por incumprir as condicións establecidas neste artigo, procederá o reintegro das cantidades deixadas de ingresar coa recarga e o xuro de demora correspondentes, conforme o establecido na normativa recadatoria da Seguridade Social.

En caso de incumprimento do requisito previsto no número 2.d), quedará sen efecto a redución e deberase proceder ao reintegro da diferenza entre os importes correspondentes ás achegas empresariais á cotización por contingencias comúns que procedesen en caso

de non se aplicar a redución e as achegas xa realizadas desde a data de inicio da aplicación da redución, nos seguintes termos:

1.º Se o incumprimento da exigencia do mantemento do nivel de emprego se produce aos doce meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 100 por 100 da citada diferenza.

2.º Se tal incumprimento se produce aos vinte e catro meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 50 por 100 da citada diferenza.

3.º En caso de que o incumprimento se produza aos trinta e seis meses desde a contratación, corresponderá reintegrar o 33 por 100 da citada diferenza.

Nos supostos de reintegro por incumprimento do requisito previsto no número 2.d), que se levarán a cabo conforme o establecido na normativa recadatoria da Seguridade Social, non procederá exixir recarga e xuros de demora.

A obriga de reintegro prevista neste número enténdese sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Disposición adicional única. *Cotización por horas complementarias.*

Non será de aplicación a redución prevista neste real decreto lei á cotización por horas complementarias que realicen os traballadores a tempo parcial cuxos contratos dean dereito á redución.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse o Goberno e a ministra de Emprego e Seguridade Social para que, no ámbito das súas competencias, diten cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY